

# REGULAMENTO

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) –info@concellofisterra.com

## 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERRA 2019

DOMINGO 13 DE OUTUBRO

VI CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES  
CORRENDO POLA COSTA DA MORTE 2019

ORGANIZA:



PATROCINAN:



La Voz de Galicia



COLABORAN:





## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERRA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) – [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

2

### ÍNDICE

	PÁX.
1. IDEOLOXÍA DA 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERRA 2019	3
2. CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS PREVISTOS DAS CARREIRAS	4
3. PERCORRIDOS	5
4. NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE	10
5. DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS	12
6. SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E DORSAIS	13
7. INSCRICIÓNS	15
8. CLASIFICACIÓNS, TROFEOS/MEDALLAS	18
9. ANEXO 1. MODELO AUTORIZACIÓN PATERNA	20
10. ANEXO 2. CARTEL DA 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERRA 2019	21



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERRA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) – [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

### IDEOLOXÍA DA 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERRA 2019

3

A **6ª Carreira Pedestre Concello de FISTERRA 2019** que terá lugar o domingo 13 de outubro, enmárcase dentro do Circuíto de Carreiras Populares “**Correndo pola Costa da Morte**”, onde a ideoloxía non é outra que o fomento da práctica de actividade físico-deportiva como unha ferramenta máis para acadar unha vida máis saudable.

Esta proba está incluída no **Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo** e forma parte do “**V Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial da Coruña 2019**”.

Nesta carreira poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos e nenas como adultos (dende 4 anos).

CARTEL 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERRA

REGULAMENTO 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERRA 2019 – DOMINGO 13 DE OUTUBRO

Rúa Santa Catalina nº1 Fisterra teléfono 981740001, fax: 981740677, CIF: P15380C



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) –info@concellofisterra.com

### CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS PREVISTOS DAS CARREIRAS

4

CATEGORÍA		IDADES	DISTANCIA	HORARIO SAÍDA
<b>Pitufo</b>	Mixto	2012-2016	250 metros	<b>12:30 horas</b>
<b>Benxamín</b>	Masculino Femenino	2010-2011	1.000 metros	<b>12:25 horas</b>
<b>Alevín</b>	Masculino Femenino	2008-2009	1.000 metros	<b>12:25 horas</b>
<b>Infantil</b>	Masculino Femenino	2006-2007		<b>10:17 horas</b>
<b>Cadete</b>	Masculino Femenino	2004-2005		<b>10:17 horas</b>
<b>Xuvenil</b>	Masculino Femenino	2002-2003	3.400 metros	<b>10:17 horas</b>
<b>Sénior 3K</b> <small>Contra o Cancro</small>	Masculino Femenino	2001(incluído) e anteriores		<b>10:15 horas</b>
<b>Sénior 10K</b>	Masculino Femenino	1980-2001		
<b>Veteranos M40</b>	Masculino Femenino	1970-1979	9.150 metros	<b>11:00 horas</b>
<b>Veteranos M50</b>	Masculino Femenino	1969(incluído) e anteriores		

- Os horarios das carreiras das distintas categorías serán establecidos polo concello organizador e poderán ser consultados en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) así coma na web municipal [www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es)



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019


[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) –info@concellofisterra.com

### PERCORRIDOS

5

Todos e cada un dos circuítos se desenvolven polo núcleo urbano da vila.

#### Carreira 1: PITUFOS (250 metros)



*DESCRIPCIÓN:* Completar unha volta ao “CIRCUITO”. Saída diante da lonxa e volta a Aula de Pesca.




## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) –info@concellofisterra.com

### Carreira 2: BENXAMÍN (1.000 metros)

6



*DESCRIPCIÓN:* Completar unha volta ao “CIRCUITO”. Saída diante do lonxa ata o final do espigón.

:

REGULAMENTO 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019 – DOMINGO 13 DE OUTUBRO

Rúa Santa Catalina nº1 Fisterra teléfono 981740001, fax: 981740677, CIF: P15380C



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) –info@concellofisterra.com

7

### Carreira 3: ALEVÍN (1.000 metros)



*DESCRIPCIÓN:* Completar unha volta ao “CIRCUITO”. Saída diante do lonxa ata o final do espigón.

REGULAMENTO 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019 – DOMINGO 13 DE OUTUBRO

Rúa Santa Catalina nº1 Fisterra teléfono 981740001, fax: 981740677, CIF: P15380C



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) –info@concellofisterra.com

8

### Carreira 4: INFANTIL, CADETE, XUVENIL e SÉNIOR 3K Contra o Cancro (3.400 metros)



*DESCRIPCIÓN:* Saída diante da lonxa, continuar polo paseo da Ribeira, Federico Ávila, Alcalde Fernández e carretera do Faro ata as inmediacións de cabanas, volta e baixada pola Rúa Arasolis, Praza da Constitución, Rúa Real e Paseo da Ribeira cara a liña de meta.

REGULAMENTO 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019 – DOMINGO 13 DE OUTUBRO

Rúa Santa Catalina nº1 Fisterra teléfono 981740001, fax: 981740677, CIF: P15380C





## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) –info@concellofisterra.com

9

### Carreira 5: SÉNIOR 10K, VETERANOS M40 e VETERANOS M50 (9.150 m.)



**DESCRIPCIÓN:** Saída diante da lonxa, continuar dirección Federico Ávila, colexio Mar de Fóra, rúa Potiña, Camiño da Barcia ata as inmediacións do Pavillón Municipal, zona de Mar de Fóra, baixada polo camiño da Insua, dirección Faro onde se procederá a dar a volta, baixada pola Rúa Arasolis, Praza da Constitución, Rúa Real e Paseo da Ribeira cara a liña de meta.

REGULAMENTO 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019 – DOMINGO 13 DE OUTUBRO

Rúa Santa Catalina nº1 Fisterra teléfono 981740001, fax: 981740677, CIF: P15380C



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) – [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

10

### NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADEO

1. A **6ª Carreira Pedestre Concello de Fisterra 2019** rexeráse pola regulamentación de Seguridade Viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (*Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes*).
2. A proba estará subscrita aos **seguros de responsabilidade civil** do Concello de Fisterra e da Federación Galega de Atletismo. Tamén contará cun **seguro de accidentes** que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993.
3. A proba contará cun **servizo médico-sanitario**, que constará dunha ambulancia e un médico se a proba non supera os 750 participantes.
4. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios, aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente.
6. Os atletas que durante o transcurso da proba circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, consideraranse a todos os efectos usuarios normais da vía.
7. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non estará amparada polos seguros da proba nin poderá participar de trofeos e obsequios.
8. As diferentes probas estarán controladas polo **Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo**.
9. Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícito a aceptación do regulamento xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da Federación Galega de Atletismo, RFEA e IAAF en vigor.
10. A organización da proba porá a disposición dos participantes (*previa identificación e acreditación*):
  - O **Pavillón Municipal de Fisterra** para que os participantes se podan cambiar e duchar (*sito no Lugar de A charca nº 7 15154 Fisterra*).

REGULAMENTO 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019 – DOMINGO 13 DE OUTUBRO

Rúa Santa Catalina nº1 Fisterra teléfono 981740001, fax: 981740677, CIF: P15380C



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) – [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

- **Servizo de garda roupa** para os participantes da proba que estará ubicado na aula de Pesca (*lugar de recollida de dorsais*).
- **Servizo de fisioterapia**, para os corredores e corredoras da carreira 3K Contra o Cancro e a 10 K.

11

11. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización.
12. Descualificacións:
  - O servizo médico da proba está facultado para retirar durante a carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
  - Todo atleta que non realice o percorrido completo que lle corresponda.
  - Todo atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.
13. A carreira 10K estará sinalada cada quilómetro.
14. Na carreira 10K habilitarase, no punto 5.800 m, avituallamiento líquido. As demais carreiras Terán un único avituallamento na meta.
15. Os participantes **ADULTOS** recibirán unha camiseta conmemorativa no momento da recollida dos dorsais. Para ter dereito ao agasallo é **obrigatorio recollelo persoalmente. NO PROCESO DE INSCRICIÓN ÁS CARREIRAS AO CIRCUÍTO NON SE PIDE TALLA, POLO QUE NON SE GARANTIRÁ CONSEGUIR A TALLA DE CADA CORREDOR OU CORREDORA.**



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) –[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

### DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓN

12

Os deportistas inscritos comprométense a aceptar o presente regulamento e calquera posible modificación.

A solicitude de inscrición para os **deportistas menores de idade** farase en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) e deberá ir acompañada dunha **autorización paterna** segundo o modelo establecido pola organización (*ver anexo I*).

Dito modelo poderase descargar das páxinas web seguintes: [www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) e/ou [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquiridos os compromisos que a continuación se expoñen:

- O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- Calquera atleta con problemas médicos (alerxia, atención especiais, etc.) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación, internet,... para a promoción do deporte. Do mesmo xeito calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) – [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

### SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E DORSAIS

13

Para controlar a proba estableceranse controis de cronometraxe por chip (*que deberá ir suxeito aos cordóns das zapatillas*).

Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías **agás pitufo** (*os chips serán facilitados pola organización*).

Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (*facilitados pola organización*).

O atleta que non porte chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuío.

O atleta que non porte dorsal poderá ser descualificado se así o estima a dirección de carreira.

**Tanto os dorsais coma os chips (no caso de non posuílos) poderanse recoller nas mesas de inscrición habilitadas para tal fin na “Aula de Pesca de Fisterra” a partir das 08:30 horas e ata 30 minutos antes do inicio de cada carreira.**

Os **corredores de circuío 10K ou 3K Contra o Cancro** que participan na liga deberán usar obrigatoriamente o **“chip amarelo”**. Asemade empregarán un **único dorsal** para todas as probas do circuío.

- Tanto o dorsal coma o chip (*no caso de no posuílo*) recollerase na primeira proba do circuío na que participe. A retirada de dorsal e chip deberase realizar como mínimo con 30 minutos de antelación ao inicio de cada carreira e dende as 08:30 horas.
- No caso de perda do chip o atleta deberá mercar outro a través da páxina web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)
- No caso da perda ou rotura do dorsal poderá solicitar outro á organización. Non haberá posibilidade de solicitar un terceiro dorsal.

Os **corredores de carreira** e os **corredores de categorías de base (inferiores)** usarán **“chip de carreira (branco)”** que deberán devolver á organización ao remate da mesma.



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) – [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

Os chips son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas sancionarase coa expulsión do circuíto do portador e do atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no mesmo.

14



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) – [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

### INSCRICIÓN

15

#### INSCRICIÓN DE CATEGORÍAS BASE (gratuítas)

As categorías base son: pitufo, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

Existen dous tipos de inscrición para atletas de categoría base

**Corredores de circuíto (todas as categorías excepto Pitufo):** son os atletas que participan na liga.

- As inscricións para os corredores/as de circuíto nesta proba están pechadas.

#### **Corredores de carreira:**

- 1) Plataforma championship [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) A **autorización paterna** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) ou [www.concellodefisterra.es](http://www.concellodefisterra.es)
- 2) Presentando a **autorización paterna asinada** no Servizo de Deportes do Concello de Fisterra.

#### **Os participantes de categoría Pitufo poderán facer a inscrición do seguinte xeito:**

- 1) Plataforma championship [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) A **autorización paterna** deberá imprimirse e ser presentada debidamente cuberta e asinada á hora de recoller os dorsais. Dita autorización poderá ser descargada en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) ou [www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es)
- 2) Presentando a **autorización paterna asinada** no Servizo de Deportes do Concello de Fisterra.



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) – [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

### **INSCRICIÓNS PARA CATEGORÍA SÉNIOR E VETERANOS**

16

*Existen dous tipos de inscrición para atletas adultos:*

**Corredores de circuíto:** son os atletas que participan na liga 10K e 3K.

- As inscricións para os corredores/as de circuíto nesta proba están pechadas.

**Corredores de carreira:** son atletas que só participan de maneira puntual nalgunha das probas do circuíto.

- Os corredores de carreira poderán inscribirse na proba 10k ou na proba 3k Contra o Cancro.
- Non participan na liga.
- Deberán realizar a inscrición para aquelas probas nas que queiran participar.
- Deberán correr cun chip que se lles facilitará no momento da recollida do dorsal e que deberán devolver ao remate da proba.

As inscricións para os atletas de categorías sénior e veteranos realizaranse a través da páxina web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

*Máis información referida as características dos: “corredores de circuíto”, “corredores de carreira”, “clasificación por equipos”, etc; Enviar un e-mail a [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com) e facilitarase o regulamento xeral do “6º Circuíto de Carreiras Populares Correndo pola Costa da Morte 2019” onde se detallan todas estas cuestións.*

### **COTAS DE INSCRICIÓN**

A inscrición para as **categorías base será gratuíta** (de pitufo a xuvenil).

### **CORREDORES DE CARREIRA:**

- ATA O LUNS ANTERIOR Á PROBA ÁS 23´59 HORAS: 8€+1€ DE ALUGUER DE CHIP
- DENDE O MARTES ATA O MÉRCORES ÁS 23´59 HORAS: 11€ +1€ DE ALUGUER DE CHIP

REGULAMENTO 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019 – DOMINGO 13 DE OUTUBRO

Rúa Santa Catalina nº1 Fisterra teléfono 981740001, fax: 981740677, CIF: P15380C





## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) – [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

DÉBESE CONFIRMAR ASISTENCIA. DE NON SER ASÍ NON PODERÁN OPTAR Á CAMISETA.

17

### **CORREDORES DE CIRCUÍTO:**

- **XA DEBEN ESTAR INSCRITOS DENDE A PRIMEIRA PROBA.**

### **PRAZO DE INSCRICIÓN**

O prazo de inscrición rematará o **mércores 09 de outubro ás 23:59 horas.**



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) – [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

### CLASIFICACIÓN, TROFEOS/MEDALLAS

18

#### CLASIFICACIÓN DAS PROBAS DE BASE

En categoría **pitufo** recibirán medalla conmemorativa todos os participantes na proba segundo vaian chegando á meta. **NON SUBIRÁN AO PODIO.**

En categoría **benxamín** e **alevín** recibirán medalla conmemorativa todos os participantes na proba segundo vaian chegando á meta. **SÓ SUBIRÁN AO PODIO OS TRES PRIMEIROS/AS CLASIFICADOS/AS EN CADA CATEGORÍA.**

En categoría **infantil, cadete e xuvenil** recibirán trofeo e **SUBIRÁN AO PODIO OS TRES PRIMEIROS/AS CLASIFICADOS/AS EN CADA UNHA DAS CATEGORÍAS.**

#### CLASIFICACIÓN DA PROBA 3K CONTRA O CANCRO

Optan a esta clasificación todos os/as atletas inscritos na proba 3K Contra o Cancro.

Recibirán trofeo e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as na categoría xeral (os tres primeiros/as que entren na meta).

#### CLASIFICACIÓN DA PROBA 10K

Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.

Recibirán trofeo e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados en cada unha das categorías (sénior, M40 e M50), independentemente da súa condición de *corredores de carreira* ou de *corredores de circuío*.

Recibirán trofeo o primeiro e primeira clasificado/a empadroad/a do Concello de Fisterra.



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) – [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

*Máis información referida á clasificación do circuíto, por equipos, etc.; Enviar un e-mail a [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com) e facilitarase o regulamento xeral do “6º Circuíto de Carreiras Populares Correndo pola Costa da Morte 2019” onde se detallan todas estas cuestións.*

19

### **CERIMONIA DE ENTREGA DE TROFEOS**

Unha vez rematada a última proba, que será a Pitufos (saída fixada para ás 12:30 horas), procederase ao acto de **entrega de trofeos previsto para ás 13:00 horas** nas inmediacións da Lonxa de Fisterra (*próximo á zona de saída e meta*).

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) – [info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

### ANEXO 1. MODELO AUTORIZACIÓN PATERNA

20

#### AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DE MENORES VI CIRCUÍTO CORRENDO POLA COSTA DA MORTE

D/Dna. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ Con DNI nº \_\_\_\_\_, e como pai/nai ou titor-a, autorizo, baixo a  
niña responsabilidade, a que:  
\_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, e nado/a en \_\_\_\_\_ con data \_\_\_\_\_,  
participe no VI Circuito de Carreiras Populares “Correndo pola Costa da Morte” ou  
nunha das carreiras que compoñen o mesmo (especificar  
carreira \_\_\_\_\_) recoñecendo expresamente que  
se atopa en condicións físicas axeitadas para a práctica do exercicio físico e eximindo  
de toda responsabilidade aos organizadores, patrocinadores, colaboradores e  
voluntarios en canto ao desenvolvemento das súas funcións se refire. Así mesmo,  
autorizo expresamente a Championship e á Organización para o uso das imaxes en  
soporte fotográfico e/ou audiovisual que se captan durante as diferentes probas do  
circuíto sen ningunha limitación territorial nin temporal, polo que as imaxes  
fotográficas e/ou audiovisuais, poderán ser utilizadas, de xeito total ou parcial, por  
Championship e a Organización para a súa publicación en medios de comunicación,  
distintos soportes para a promoción e difusión da carreira, e nas webs  
[www.correndopolacostadamorte.com](http://www.correndopolacostadamorte.com) [www.championshipnorte.com](http://www.championshipnorte.com), e nas súas  
respectivas redes sociais, por un prazo de tempo ilimitado e sen contraprestación  
algunha. Para que así conste, asino a presente en \_\_\_\_\_,  
a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019



## VI CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

[www.concellofisterra.es](http://www.concellofisterra.es) –info@concellofisterra.com

21

### ANEXO 2. CARTEL DA 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019

**VI** CIRCUITO 2019  
CORRENDO POLA  
**COSTA DA MORTE**

**13** **FISTERA**  
OUT VI Carreira Pedestre Concello de

**HORARIO**  
10:15 Absoluta 3K Contra o Cancro  
10:17 Infantil, Cadete, Xuvenil  
11:00 10K Sénior, M40 e M50  
12:25 Benxamín e Alevín  
12:30 Pitufos

**INSCRICIÓNS E INFORMACIÓN:**  
[www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)  
[www.correndopolacostadamorte.com](http://www.correndopolacostadamorte.com)  
**Ata o luns 7 de outubro:**  
8€ + 1€ para inscrición de carreira.  
**Dende martes 8 a mércores 9 de outubro:**  
11€ + 1€ para inscrición de carreira.

*Damián Esposandín Lema, padriño do Circuito 2019*

**organiza:**

**Patrocinadores do Circuito:**

**Patrocinador de carreira:**

**Colaboradores do Circuito:**

**Calificación:**

**Colaboramos con:**

REGULAMENTO 6ª CARREIRA PEDESTRE CONCELLO DE FISTERA 2019 – DOMINGO 13 DE OUTUBRO

Rúa Santa Catalina nº1 Fisterra teléfono 981740001, fax: 981740677, CIF: P15380C